

Expediente: F.11.Q/241/20

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2020

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito referente á inactividade da Consellería de Medio Rural, en deslinda de montes veciñais en man común.

Nesa queixa esencialmente se indicaba que pola Consellería de Medio Rural, estíbese a producir un retraso na resolución dos recursos de reposición interpostos por unha Comunidade de Montes en Man Común en materia de deslindes.

Ante iso requirimos información á Consellería do Medio Rural . Nesta sinálase o seguinte:

“Examinada a queixa presentada e tendo en conta que a mesma se refire a falta de resolución dos recursos de reposición interpostos pola CMVMC de ██████ contra a aprobación dos sucesivos treitos do deslindamento parcial dos montes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de ██████████; e, como queira que os ditos recursos non obran nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, competente para a tramitación e proposta de resolución dos mesmos, solicitarnos información ao servizo de Propiedade Forestal da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, en relación cos expedientes de referencia.

Dende o Servizo de Propiedade Forestal do dito centro directivo comunican que no Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra están preparando os expedientes correspondentes aos ditos recursos e emitindo os informes oportunos aos efectos de darnos traslado e que podamos proceder á súa resolución.

Asemade, comunican que o traslado se demorou dende a petición formulada debido á declaración do estado de alarma, que motivou que o persoal do dilo Servizo Provincial de Montes desempeñase as súas funcións mediante teletraballo e non puidese proceder ao exame dos voluminosos expedientes para a emisión dos correspondentes informes, e procederá súa dixitalización para a remisión á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, dos ditos expedientes e informes. Non obstante, engaden que en breve prazo poderán proceder ao traslado dos expedientes e informes para que os recursos se poidan resolver coa maior celeridade posible.

Con esta data reiterouse o requirimento ao Servizo de Propiedade Forestal dependente da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal aos efectos de axilicen a remisión dos expedientes.”

#### ANALISIS

1.-Do informe/resposta que nos envía a Consellería dedúcese que por mor do estado de alarma que padecemos, e as condicións de confinamento dos traballadores (o que levou a realizar as súas funcións laborais en forma de teletraballo) os recursos plantexados non foran remitidos dende o Servizo Provincial de Montes á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, que é a competente para o seu estudio, análises e realización da proposta de Resolución sobre o fondo do asunto.

2.- Que pola Consellería se deron as ordes oportunas indicando as xestións procedimentais a realizar para que a maior brevidade se remitiran os recursos por vostedes presentados para o seu estudio, análise e proposta de Resolución.

#### CONCLUSIÓN

Tras la investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe da Consellería competente, dedúcese que o problema do retraso na tramitación dos Recursos que motivou esta queixa estase a resolver coas actuacións de impulso do expediente levadas a cabo pola Consellería segun nos comunica no seu informe.

Por todo o anterior resolvo dar por concluído este expediente ó considerar que a intervención desta institución requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente,

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(asinado dixitalmente)